

decreto 1537/2003, do 5 de decembro (BOE do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de marzo), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que o devandito centro privado ten autorización definitiva para impartir educación infantil.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

DISPÓN:

Autorizar a ampliación de tres unidades de educación infantil ao centro privado Compañía de María de Vigo (Pontevedra), segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia nas unidades que se amplían.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vigo.

Localidade: Vigo.

Enderezo: r/ Ecuador, 35.

Denominación: centro privado Compañía de María.

Titular: Compañía de María.

Código do centro: 36010976.

Nivel: educación infantil.

Unidades de que constaba: 6.

Unidades novas autorizadas: 3.

Composición resultante:

a) Centro de educación infantil: 9 unidades.

b) Centro de educación primaria: 18 unidades.

c) Centro de educación secundaria:

12 unidades de educación secundaria obrigatoria.
8 unidades de bacharelato das modalidades de ciencias da natureza e da saúde e a de humanidades e ciencias sociais.

Orde do 28 de outubro de 2004 pola que se convocan axudas para a realización de rutas literarias durante o ano 2005.

As rutas literarias cumpren unha función importante ao facilitarlles aos alumnos a posibilidade de realizaren múltiples actividades de tipo formativo-cultural fóra do medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ao seu, que lle vai propiciar unha maior convivencia e cooperación co profesor e outros compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ao coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historias e recursos.

Ademais, coincidindo coa conmemoración no ano 2005 do IV Centenario da primeira edición do Quijote, o programa Rutas Literarias, vailles ofrecer para a campaña do curso 2004/2005 aos alumnos e profesores participantes, a posibilidade de percorrer un novo itinerario denominado Ruta de El Quijote, deseñada en torno ao devandito personaxe, que permita o mellor coñecemento para os mozos.

Con base no acordo subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e co fin de permitirles aos alumnos galegos de educación secundaria o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.

1. Convocar 96 axudas (3 grupos de rutas literarias e 1 da ruta do Quijote) destinadas a alumnos que no momento de formularen a solicitude estean cursando 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios da Comunidade Autónoma de Galicia, para participaren na actividade das rutas literarias.

2. As rutas literarias levaranse a cabo nas datas comprendidas entre o 1 de marzo e o 15 de xuño de 2005.

3. Os/as alumnos/as participantes integraranse en grupos de vinte e catro (24), aos que acompañarán dous (2) profesores/as do seu centro ou centros, preferiblemente o/a titor/a correspondente, que se responsabilizarán para todos os efectos da adecuada participación do grupo na actividade.

Segundo.

Cada grupo percorrerá unha das rutas relacionadas no anexo I, ao longo dunha semana, iniciándose o

seu percorrido segundo as instrucións que no seu día a coordinación desta Comunidade Autónoma determine.

Terceiro.

As axudas ás que se refire a presente orde comprenderán:

- a) Os gastos de aloxamento e manutención nos centros de acollida.
- b) Os gastos de transporte por estrada correspondentes ao percorrido de cada ruta.
- c) A cobertura de riscos durante o período de duración das escolas viaxeiras.

Para o desprazamento desde a localidade do centro ou centros participantes ata a cabeceira de ruta poderanse solicitar axudas para cada alumno/a e mailos profesores-acompañantes, nos que se incluírán os gastos de preparación e desenvolvemento da actividade, segundo o módulo de distancia en quilómetros (ida e volta):

Menos de 500 quilómetros: ata un máximo de 60 €.

Entre 501 e 1.000 quilómetros: ata un máximo de 90 €.

Entre 1.001 e 2.000 quilómetros: ata un máximo de 133 €.

Entre 2.001 e 2.500 quilómetros: ata un máximo de 162 €.

Cuarto.

Os/as profesores/as acompañantes, que terán que ser necesariamente os tutores ou, se é o caso, profesores/as dos que habitualmente imparten clase ao grupo de alumnos/as, disporán de transporte e aloxamento gratuítos en termos similares aos indicados para o alumnado, beneficiándose, igualmente, da cobertura de riscos durante o período de duración das rutas literarias.

Os devanditos profesores acompañantes serán os responsables da elaboración do anteproxecto de actividades que se menciona no punto seguinte.

Así mesmo, e no caso de seren seleccionados, prepararán cos alumnos/as os itinerarios da ruta que van realizar, e serán orientados en función dos obxectivos específicos que cada grupo pretenda conseguir e de acordo cos materiais e orientacións que reciban desde a coordinación, para que os alumnos elaboren un breve caderno de traballo, que utilizarán durante o desenvolvemento da actividade.

Quinto.

Os/as directores/as dos centros onde haxa alumnos/as que desexen participar enviaránlle a solicitude, axustándose ao modelo establecido no anexo II da presente orde, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa).

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Datos dos alumnos solicitantes e autorización do pai, nai ou titor deles (anexo III).
- b) Anteproxecto de actividades que se van realizar en relación coa programación do centro ou centros e cos obxectivos xerais que figuran no anexo IV.
- c) Aprobación do Consello Escolar do centro, ou centros, se se trata de centros públicos ou privados concertados, ou do órgano colexiado que o substitúa, no caso dos centros privados non concertados. A aprobación deberá referirse tanto á realización da actividade como á relación de alumnos/as participantes.

Sexto.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o décimo quinto día hábil, contado a partir do mesmo día da súa publicación no DOG.

Sétimo.

Na Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas que estará presidida pola subdirectora xeral de Centros, ou persoa en quen delegue e integrada, en calidade de vogais, por:

-Dous directores de centros de educación secundaria, un do sector público e outro do sector privado.

-Dous pais ou representantes legais de alumnos, un do sector público e outro do sector privado.

-O coordinador de Rutas Literarias en Galicia.

-Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da dirección xeral.

Todos eles serán designados polo director xeral de Centros e Ordenación Educativa.

Oitavo.

A comisión reuniranse no prazo máximo de quince días hábiles, unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes, procedendo a valoralas, tendo en conta as características socioeconómicas da zona onde está situado o centro, ou centros docentes, co fin de darlles preferencia aos alumnos con menores oportunidades de dispoñer doutras ofertas por razóns económicas, culturais ou ambientais e, en particular, aos procedentes de zonas rurais, arrabaldos ou suburbios.

Así mesmo, terase en conta se o centro ou centros participaron nesta actividade no ano anterior, co fin de posibilitar a participación dos centros que non o fixeron.

Noveno.

O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 3 meses, contado a partir da data de publicación no DOG desta convocatoria, considerándose des-

timadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo sinalado neste parágrafo.

Contra a resolución da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa poderase interpoñer recurso de alzada, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Décimo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, efectuará o seguimento e avaliación global do programa de Rutas Literarias; por iso, os centros participantes, a través dos profesores/as acompañantes coa colaboración do grupo de alumnos/as, enviaranlle á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con posterioridade no percorrido da ruta e nun prazo máximo dun mes desde a súa finalización, unha memoria de avaliación da actividade, por exemplar triplicado, cunha extensión non superior a 15 folios, en formato DIN A-4.

Décimo primeiro.

A memoria de avaliación á que se refire o punto anterior constará das seguintes partes:

a) Recollerá os obxectivos da ruta literaria, as características do grupo, as actividades programadas e os mecanismos e avaliación dos resultados.

b) Diario da viaxe, no que se anotará de modo secuencial o desenvolvemento das actividades e a súa dedicación aos obxectivos propostos.

c) Avaliación dos resultados; reflectirá non só os coñecementos adquiridos polo grupo durante o desenvolvemento da ruta literaria, senón tamén e fundamentalmente, as actitudes suscitadas nos alumnos polo contacto con outras culturas, a súa capacidade para participaren na vida das comunidades visitadas e o nivel de análise crítica e elaboración de alternativas ante os problemas locais alcanzados polo colectivo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar todas as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Catálogo de rutas

* Ruta de Castela e León.

-Itinerario: de romances e lendas por Zamora

Resumo de contidos:

Zamora: Romance do cerco de Zamora e Romances de Bernardo del Carpio, lendas. Benavente: Romance de Bernardo del Carpio, lendas. Villafáfila. Toro: Romanceiro novo, lendas. Sanabria: dos Beatos a León Felipe, lendas. Sayago: lendas

Aloxamento: Centro Específico de Formación Profesional. Avd. de Requejo, 39 Zamora.

* Ruta da Rioxa.

-Itinerario: a orixe da lingua castelá e os mosteiros rioxanos.

Resumo de contidos: San Millán de la Cogolla: mosteiros de Yuso e Suso. Gonzalo de Berceo. Nájera: mosteiro de Santa María la Real. Cañas: mosteiro de Santa María de San Salvador. Santo Domingo de la Calzada: mosteiro de Nosa Sra. da Anunciación. Casalarreina. mosteiro de Nosa Sra. da Piedade. Anguiano: mosteiro de Sta. María de Valvanera. Nájera: Manuel Esteban Villegas. Quel: Bretón de los Herreros. Logroño: M^a Teresa León Goiri.

Aloxamento: Residencia IES Laboral. R/ A Rioxa 6. 26140 Lardero (A Rioxa).

*Ruta de Navarra.

-Itinerario: facendo Camiño por Navarra.

Resumo de contidos: O Camiño de Santiago en Navarra: Roncesvalles, Pamplona, mosteiro de Leyre, Sangüesa, Eunate, Puente la Reina, Estella e mosteiro de Irache.

Aloxamento: albergue xuvenil Oncineda r/ M^a de Irache s/n 31200 Estella (Navarra).

* Ruta de Castela A Mancha.

-Itinerario: Ruta do Quijote.

-Resume de contidos: Alcázar de San Juan. Argamasilla de Alba: cova Medrano e igrexa, Tomelloso: bombo e museo do carro; Villarta de San Juan: ponte romana; Puerto Lapice: Venta El Quijote. Campo de Criptana: outeiro dos muíños e ermida da Virxe de Criptana; El Toboso: pazo de Dulcinea, biblioteca cervantina e igrexa; Belmonte: castelo e colexiata; Villaescusa de Haro; percorrido urbano. Almagro: curral de comedias, convento de dominicos, pazo de Valdeparaíso...; Calatrava la Nueva: castelo, convento e paisaxes. La Solana: fábrica de fouces La Pajarita; San Carlos del Valle: praza e igrexa; Villanueva de los Infantes: percorrido pola cidade e monumentos máis importantes. Pantano de Peñarroya: curso alto do Guadiana; Ruidera: lagoas, cova de Montesinos, Castelo de Rochafrida.

Aloxamento: Hotel Convento de Santa Clara. Praza de Santa Clara, 1-Alcázar de San Juan (Ciudad Real).

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE RUTAS LITERARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED502B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

1.- DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

NOME DO CENTRO			
ENDEREZO			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CURSO DOS ALUMNOS SOLICITANTES	TIPO DE CENTRO <input type="checkbox"/> PÚBLICO <input type="checkbox"/> CONCERTADO <input type="checkbox"/> PRIVADO		
NOME E APELIDOS DOS PROFESORES ACOMPAÑANTES DA ACTIVIDADE			
¿REALIZA O PROGRAMA AGRUPADO CON OUTRO CENTRO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON En caso afirmativo indique			
NOME DO CENTRO A QUE SE AGRUPA			
ENDEREZO			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CURSO DOS ALUMNOS SOLICITANTES	TIPO DE CENTRO <input type="checkbox"/> PÚBLICO <input type="checkbox"/> CONCERTADO <input type="checkbox"/> PRIVADO		

2.- RUTA PARA A QUE SOLICITA A AXUDA

Indicar por orde de preferencia, de acordo co anexo I, así como a distancia en Km (ida/volta) desde a localidade de orixe ata a cabeceira da ruta:

	<i>RUTA LITERARIA</i>	<i>DISTANCIA EN KM (IDA/VOLTA)</i>
1ª OPCIÓN	_____	_____
2ª OPCIÓN	_____	_____
3ª OPCIÓN	_____	_____
4ª OPCIÓN	_____	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de outubro de 2004 pola que se convocan axudas para a realización de rutas literarias durante o ano 2005.</i>
DIRECTOR DO CENTRO SOLICITANTE (SIGNATURA E SELO) _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

3.- RELACIÓN DE ALUMNOS PARTICIPANTES

	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>CURSO</i>	<i>IDADE</i>	<i>TLNO. PARTICULAR</i>
1.-	_____	_____	_____	_____
2.-	_____	_____	_____	_____
3.-	_____	_____	_____	_____
4.-	_____	_____	_____	_____
5.-	_____	_____	_____	_____
6.-	_____	_____	_____	_____
7.-	_____	_____	_____	_____
8.-	_____	_____	_____	_____
9.-	_____	_____	_____	_____
10.-	_____	_____	_____	_____
11.-	_____	_____	_____	_____
12.-	_____	_____	_____	_____
13.-	_____	_____	_____	_____
14.-	_____	_____	_____	_____
15.-	_____	_____	_____	_____
16.-	_____	_____	_____	_____
17.-	_____	_____	_____	_____
18.-	_____	_____	_____	_____
19.-	_____	_____	_____	_____
20.-	_____	_____	_____	_____
21.-	_____	_____	_____	_____
22.-	_____	_____	_____	_____
23.-	_____	_____	_____	_____
24.-	_____	_____	_____	_____

Debe indicarse a seguir se algún alumno/a presenta problemas de tipo físico ou psíquico. No caso de que algún dos participantes sexa minusválido, deberá especificarse o seu grao de discapacidade

4.- DOCUMENTACIÓN ACHEGADA POLO CENTRO

D./Dª _____, director do centro _____

SOLICITA:
 Participar na convocatoria de axudas para a realización do programa "Rutas Literarias", durante o curso 2004/2005, para o que se xunta a seguinte documentación:

- SOLICITUDE FORMALIZADA.
- PROXECTO PEDAGÓXICO.
- APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR OU CERTIFICADO DO DIRECTOR DO CENTRO.
- LISTAXE DE ALUMNOS/AS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE.

Así mesmo, o director certifica que se encontran arquivadas no centro as autorizacións do pai, nai ou titor dos alumnos/as participantes.

ANEXO III

Don/Dona. _____, con DNI _____, pai, nai ou titor do alumno/a _____, outorga a súa autorización para que participe na actividade do programa denominado "Rutas Literarias", organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

(data e sinatura)

ANEXO IV

Obxectivos xerais

1. Descrición do programa. O programa Rutas Literarias é un recurso educativo, pensado para alumnos de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria, que pretende complementar a formación que se imparta na aula por medio da realización dunha ruta literaria. Con el, á vez que se potencia e consolida o hábito lector da poboación escolar, posibilitase que se coñeza e aprecie a riqueza cultural, natural e lingüística do noso territorio.

2. Obxectivos. Serán obxectivos prioritarios, entre outros:

Suscitar nos alumnos unha actitude de aprendizaxe permanente, tanto dentro como fóra da aula.

Desenvolver o hábito lector como fonte de aprendizaxe, coñecemento e desenvolvemento persoal.

Coñecer os aspectos básicos da diversidade cultural, natural e social co fin de poder valoralos e respectalos.

Apreciar e desfrutar co pracer que achega a lectura e a posibilidade de recreala vivencialmente.

Fomentar a convivencia entre os diferentes grupos que comparten a actividade e o traballo en equipo.

3. Aspectos de deseño e metodoloxía. O programa desenvólvese seguindo unha ruta literaria que xira en torno a un libro, personaxe e/ou autor relevante e que traballarán previamente nos centros os alumnos. Isto dará a pauta para coñecer in situ os lugares que serviron de inspiración ou guiaron a narración lida.; ou ben as vilas e cidades das comunidades visitadas relacionadas cos autores e persoeiros sobre os que se profundizou, así como outras riquezas culturais, sociais e naturais que caracterizan a comunidade.

Orde do 10 de novembro de 2004 pola que se conceden axudas a alumnos e alumnas que inician durante o curso 2004-2005 ensinanzas de formación profesional específica de grao medio, en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral. Axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Por Orde do 22 de xullo de 2004 (DOG do 23 de agosto), convócanse axudas a alumnos e alumnas que vaian iniciar durante o curso 2004-2005 ensinanzas de formación profesional específica de grao

medio, en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral. Axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo 6 da citada orde

RESOLVO:

Artigo 1º

Conceder, con cargo ao concepto orzamentario 07.04.322S.480.1 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, unha axuda económica por importe de 366,74 € a cada un dos alumnos que se relacionan no anexo I. O importe total das axudas concedidas é de 149.996,66 €.

Artigo 2º

Denegar, polos motivos que se indican, as solicitudes que se relacionan no anexo II.

Artigo 3º

De conformidade co artigo 9 da Orde do 22 de xullo, anteriormente sinalada, o alumnado deberá remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, nos quince días naturais seguintes ao da publicación desta resolución, a seguinte documentación:

-Anexo III da Orde do 22 de xullo (DOG do 23 de agosto), relativo á aceptación previa da subvención concedida e ao compromiso de seguir as avaliacións continuas durante o curso 2004-2005.

-Certificación bancaria na que consten os datos da entidade e o código da conta en que o beneficiario desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta o beneficiario debe figurar necesariamente entre os titulares.

Artigo 4º

Contra a presente orde os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2004.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

A CORUÑA

CENTRO	CICLO	APELIDOS E NOME	DNI
IES PASEO DAS PONTES (A CORUÑA)	CM CONFECCIÓN	ANDRADE CANOSA, RAQUEL	79327327M
		COUCEIRO MÉNDEZ, LAURA	47377468K
		DÍAZ OTERO, MARÍA	47378900C
		FERNÁNDEZ BELLO, ELDA	33545336C
		FERRO VIGO, TANIA	53305049L
		GARCÍA ULLOA, MANUELA	76348871A